

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN

- 16412** Orde TIN/2803/2011, do 14 de outubro, pola que se modifica a Orde TIN/41/2011, do 18 de xaneiro, para o establecemento dun coeficiente reductor respecto á cotización por continxencias comúns relativa aos funcionarios e demais persoal de novo ingreso incluídos no réxime xeral da Seguridade Social a partir do 1 de xaneiro de 2011.

Mediante a Orde TIN/41/2011, do 18 de xaneiro, pola que se desenvolven as normas de cotización á Seguridade Social, desemprego, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional, contidas na Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, ademais de procederse ao desenvolvemento do establecido en materia de bases e tipos de cotización polo artigo 132 da citada lei, tamén se fixan os coeficientes aplicables no presente exercicio para determinar a cotización á Seguridade Social nalgúns supostos específicos, como os de convenio especial, colaboración na xestión ou exclusión dalgunha continxencia, en aplicación do previsto no Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro.

En concreto, no artigo 19 da orde citada establécense os coeficientes redutores que se deben aplicar durante o ano 2011 ás cotas por continxencias comúns xeradas polas empresas excluídas dalgunha das ditas continxencias.

Pola súa banda, o artigo 20 do Real decreto lei 13/2010, do 3 de decembro, de actuacións no ámbito fiscal, laboral e liberalizadoras para fomentar o investimento e a creación de emprego, determinou a inclusión no réxime xeral da Seguridade Social dos funcionarios públicos e demais persoal relacionado no artigo 2.1 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril, con excepción do comprendido na súa letra i), para os exclusivos efectos de pensións e sempre que o seu acceso á condición de que se trate se producise a partir do 1 de xaneiro de 2011.

O alcance da referida integración, limitado exclusivamente ao dereito a causar pensións no réxime xeral da Seguridade Social, determina, pola súa vez, a procedencia de establecer un coeficiente reductor específico para a cotización relativa ao persoal integrado no dito réxime en virtude do Real decreto lei 13/2010, do 3 de decembro, aplicable ás administracións e organismos públicos en que preste os seus servizos, ao estar excluídos das continxencias de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural, maternidade e paternidade.

En aplicación previsto ao respecto no artigo 62 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, o establecemento de tal coeficiente débese efectuar mediante a adición dunha nova letra c) ao artigo 19 da Orde TIN/41/2011, do 18 de xaneiro, con efectos desde o 1 de xaneiro de 2011.

Os ministerios de Economía e Facenda e de Política Territorial e Administración Pública emitiron previamente informe sobre a disposición.

Esta orde dítase en uso das atribucións conferidas polo artigo 132 da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, e pola disposición derradeira única do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación da Orde TIN/41/2011, do 18 de xaneiro, pola que se desenvolven as normas de cotización á Seguridade Social, desemprego, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional, contidas na Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011.*

Engádesse unha nova letra c) ao artigo 19 da Orde TIN/41/2011, do 18 de xaneiro, pola que se desenvolven as normas de cotización á Seguridade Social, desemprego, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional, contidas na Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, coa seguinte redacción:

«c) No suposto de exclusión das continxencias de incapacidade temporal, maternidade, paternidade, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural, respecto aos funcionarios públicos e demais persoal a que se refire o artigo 20 do Real decreto lei 13/2010, do 3 de decembro, de actuacións no ámbito fiscal, laboral e liberalizadoras para fomentar o investimento e a creación de emprego, aplicarase o coeficiente 0,060, do cal o 0,050 corresponde á achega empresarial e o 0,010 á achega do traballador».

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», con efectos desde o día 1 de xaneiro de 2011.

Madrid, 14 de outubro de 2011.–O ministro de Traballo e Inmigración, Valeriano Gómez Sánchez.